

Lugo, 3 de setembro de 2015

XII Congreso SGAPEIO – Actividades culturais e sociais

O Departamento de Estatística e Investigación Operativa da USC organiza en Lugo o XII Congreso Galego de Estatística e Investigación de Operacións, precedido por cursos non presenciais de Estatística con R e EPIDAT.

Lembrámosvos que foron ampliadas as datas límite para o envío de comunicacións, así como para a inscrición nos dous cursos online previos ao congreso.

O comité organizador convida a todos os colectivos vinculados coa Estatística e a Investigación de Operacións a participar nestas xornadas, presentando as súas experiencias e resultados máis recentes.

A información relativa ao congreso e aos cursos previos vaise actualizando na páxina web,

<http://xiicongreso.sgapeio.es/>

Nesta ocasión enviamos información detallada sobre as actividades culturais e sociais programadas para o congreso. As actividades do xoves 22 e as do venres 23 de outubro están incluídas na cota de inscrición do congreso.

Xoves 22 de outubro

Ao rematar as actividades científicas da mañá: Recepción no Concello.

Ao rematar as actividades científicas da tarde: Visita á Domus do Mitreo e Concerto “Lugo Cultural” na Casa do Saber da USC en Lugo.

Venres 23 de outubro

Durante a xornada de tarde haberá unha excursión á Ribeira Sacra.

- Saída autocares ao rematar as actividades científicas da mañá (saída prevista ás 13:15 h).
- Visita e comida na Adegua Regina Viarum de Doade (Sober).
- Saída autocares para o embarcadoro de Doade . Se o tempo o permite, viaxe polos canóns do Sil en catamarán da Deputación Provincial.
- Visita ao centro de Cerámica de Gundivós .
- Regreso a Lugo (chegada prevista ás 21:15 h).

Sábado 24 de outubro

Comida oficial do Congreso.

Destacamos ademais para o profesorado de ensino medio que a SGAPEIO solicitou á Xunta de Galicia a homologación das xornadas do XII Congreso SGAPEIO como actividade de formación permanente do profesorado.

Esperamos a vosa participación,

O comité organizador,

XII Congreso Galego de Estatística e Investigación de Operacións.



**XII CONGRESO GALEGO DE ESTATÍSTICA
E INVESTIGACIÓN DE OPERACIÓNS**